



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2024

EXPEDIENTE: 2024/G010/000009

Visto o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e no acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023 e en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, **o vindeiro día 28 de novembro de 2024 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2024.

2º.- Aprobación inicial do “Regulamento de funcionamento do Centro de Día Casa do Oleiro do Concello de Malpica de Bergantiños”, asunto que quedou sobre a mesa na sesión anterior.

3º.- Aprobación/prestar a conformidade ao texto do *“Convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Cee, Coristanco, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para regular o proxecto “Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte”*”, así como a súa formalización, e designación representantes do concello no Consello de Dirección.

4º.- Mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

5º.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía.

6º.- Dación de conta expresa da Resolución da Alcaldía 490/2024, do 30/09/2024, pola que se procede ao nomeamento como membro da Xunta de Goberno Local e Tenente de Alcalde ao concelleiro, Sr. Mato Garrido, e se establece a correspondente orde de nomeamento das tenencias de alcaldía.

7º.- Dación de conta expresa da Resolución da Alcaldía 491/2024, do 30/09/2024, relativa á modificación das Resolucións da alcaldía núm. 399/2023 e núm. 409/2023, referidas estas últimas ás concellarías delegadas e nomeamento de concelleiros/as delegados/as.

8º.- Dación de conta dos estados de execución do orzamento, correspondentes ao terceiro trimestre do exercicio 2024, remitidos ao Ministerio de Hacienda en data 29/10/2024 en aplicación do disposto no artigo 16 da Orde do Ministerio de Hacienda 2105/2012, do 1 de outubro (expte. 2024/X999/000316).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

9º.- Dación de conta do período medio de pagamento do terceiro trimestre do exercicio 2024, calculado consonte ao establecido no RD 635/2014, do 25 de xullo, enviado ao Ministerio de Hacienda en data 21/10/2024 (expte. 2024/X998/000027).

10º.- Dación de conta da información sobre a morosidade correspondente ao terceiro trimestre do exercicio 2024, en aplicación do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, enviada ao Ministerio de Hacienda en data 25/10/2024 (expte. 2024/X999/000314).

11º.- Rogos e preguntas.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).